

PEZA DO MES

febreiro

2020



**O COLAR DE DOAS DISCOIDES DA MÁMOA M2
DE SAN BIEITO (LOBIOS, OURENSE)**

O colar de doas discoides da mámoa M2 de San Bieito (Lobios, Ourense)

As pezas discoides do colar proceden dunha escavación arqueolóxica realizada no marco do proxecto de investigación *Arqueoloxía na Baixa Limia: o encoro de Lindoso e o seu entorno*, centrado no termo territorial de Lobios e codirixido con Celso Rodríguez Cao e Manuel Xusto Rodríguez. Tivo lugar no monumento megalítico que catalogamos como mámoa M2 de San Bieito (SBI2), durante os anos 1988 e 1989.

Coa escavación quixemos cubrir a lagoa existente na investigación sobre o Megalitismo nesta zona. As últimas intervencións investigadoras, agás a de rescate feita por X. Ferro Couselo na Casiña da Moura (Val de Salas, Muíños), foran realizadas no marco do grupo Nós, cuxa revista homónima celebra este ano o centenario. Referímonos ás levadas a cabo por Florentino Cuevillas e Xaquín Lorenzo nas necrópoles de Chan de André y Chaira de San Fiz (Galez, Entrimo), publicadas por eles no ano 1958, ano en que faleceu Cuevillas, sen dúbida o gran sistematizador da Prehistoria de Galicia.

Catalogamos dous nesta paraxe de San Bieto, os monumentos SBI1 e SBI2. Posteriormente sumouse un terceiro monumento, SBI3. A localización e características son as que seguen:

– **Localización:** provincia de Ourense, concello de Lobios, parroquia de San Mamede de Grou, lugar de San Bieito, a uns 550 m en dirección SSW da ermida coa advocación do devandito santo. Emprázase no planalto descendente comprendido entre os altos de Santorgo e Erbededo, na divisoria de augas de segunda orde entre os ríos Grou e Illa, afluentes do Limia.

– **Coordenadas e altitudes:** as coordenadas UTM correspondentes ao *datum* ERS89, fuso 29, tomadas neste caso para os tres monumentos SBI2, SBI1 e SBI3, son 576.366X/4.644.844Y, 576.442X/4.645.464Y e 576.421X/4645587Y respectivamente. As altitudes, tamén respectivas, acadan valores de 754, 740 e 768 m.

– **Dimensións:** diám. maior (WE): 17 m; diám. menor (NS): 15 m; altura: 1,30 m.

– **Características do monumento:** cámara: non determinada; túmulo: terra e pedras; nº de ortostatos en superficie: 2, máis 2 atopados descolocados.

– **Características da localización:** orografía: chaira/divisoria de augas; pendente: 7,8%; solo: ránker gris distrófico; afloramento e substrato xeolóxico: migmatita nebulítica; drenaxe: boa; dedicación da contorna: monte baixo; distancia ao cultivo actual máis próximo: 1000 m.

O espazo que escavamos, 44 m² fronte aos case 200 m² da superficie total que estimamos para o monumento, non permitiu definir a estrutura funeraria

central, aínda que si evidenciou a gran destrución que sufriu co paso dos séculos, acaso dos milenios. Tan só un fragmento dunha das lousas que seguramente formaron a cámara, permaneceu no interior do cráter de violación, concretamente na cuadrícula A1. Dous fragmentos máis de ortostatos apareceron fragmentados non lonxe daquel. Outro máis, un cuarto, xacía a case 100 m do túmulo.

Sempre no terreo das hipóteses, poderíamos interpretar unha aliñación de pedras de pequeno e mediano tamaño nas cuadrículas A2, A3 e A4, como os restos da estrutura de contención dun posible corredor intratumular. Outro asunto de interese é o que denominamos estrato VIII, un leito horizontal de area de río descontínuo e non moi ben conservado, que quizais poderíamos relacionar cos restos do nivel –ou dun dos niveis– de enterramento, ben que non puidemos constatalo.

Non queremos deixar de indicar que atopamos todos os materiais na área de violación, agás un fragmento cerámico e unha posible fusaiola do mesmo material, procedentes do segundo amoreamento para formar a masa tumular (estrato III). A diversidade espacial que evidencia a distribución das doas discoides, protagonistas deste escrito, indican a magnitude das remocións e intensa destrución do sector central, que seguramente ocupou a cámara no seu momento. De feito, exhumámoslas entre os –94 cm e os –179 cm de profundidade con respecto á cota Ø, espaxándose polas cuadrículas C1, D1 y D2. Ademais, tamén é indicativo desta circunstancia que no mesmo sector da área de violación apareceran varios fragmentos de ferro. Aínda que a maior parte daquelas atopámoslas na zona de violación, dispersas polas cuadrículas centrais do monumento, tiñan certa tendencia a concentrarse no espazo que supostamente ocupaba a cámara, totalmente destruída.

Queremos salientar a riqueza cualitativa e cuantitativa dos restos ergolóxicos exhumados no decurso da escavación fronte á nula información sobre a arquitectura funeraria interior debido, como vimos, ás intensas destrucións sufridas pola sepultura. Nela tomáronse mostras para análises polínicas e unha datación de C14. Esta última, procedente da base da masa tumular, posiblemente se corresponda coa edificación do monumento: ICEN762: 4717 ± 270 bp (2717 ± 270 a. de C.). Estes traballos foron levados a cabo por O. Álvarez Fernández, E. Díaz Losada, A.V. González Porto e P. Saa Otero, equipo da Universidade de Vigo dirixido pola última investigadora citada. A data, que debemos interpretar con cautela debido a que ofrece unha marxe de incerteza moi ampla, ademais de ser a única data coa que contamos, situaría a edificación da mámoa M2 de San Bieito na primeira metade do IIIº milenio, aínda que os materiais exhumados na escavación semellan indicar ofrendas propias de distintas etapas cronolóxicas e, como veremos, seguramente culturais.

As análises polínicas indican un predominio del pole arbórea sobre a non arbórea. Nos niveis superiores destaca o *Quercus*, que diminúe progresivamente a medida que se vai achegando á base do túmulo, onde tamén progresivamente se incrementa a *Betula* sp. Só nos niveis superiores está representada a *Cerealia* sp. A contaxe total de mostras revela unha vexetación característica do período Atlántico. En combinación con outras mostras tomadas na turbeira do Vieiro, tamén na Baixa Limia, as mesmas investigadoras, destacan o seguinte: «La presencia de *Quercus* como componente más abundante del bosque en la segunda mitad del período Atlántico. La presencia de *Corylus*, *Betula* y *Alnus* como elementos acompañantes en el bosque atlántico y subatlántico. La presencia puntual de *Castanea* en niveles polínicos cronológicamente pertenecientes al período atlántico. La existencia puntual de gramíneas de cultivo en niveles atlánticos y su mayor importancia en niveles más recientes».

As vinte e tres doas discoides, feitas con xisto, amosan unha grande uniformidade formal e nas súas dimensións. Os seus diámetros oscilan entre os 4 mm e os 3 mm, e as seccións máis anchas nunca sobresaen de 1 mm de espesor. Todas comparten unha morfoloxía discoidal circular, cunha perforación central. Entre esas perforacións predominan as circulares, aínda que son relativamente abundantes as elípticas.

Antes de achegarnos á busca doutros contextos en monumentos funerarios da Prehistoria recente, veremos outras pezas exhumadas no decurso da escavación, ben que o estado do monumento non permitiu máis fineza de asociación entre elas que as súas inclusións nalgún momento de uso deste túmulo megalítico: un micrólito xeométrico, fragmento de trapecio (SBI2:16), dous fragmentos de láminas (SBI2: 14 e 15), dúas puntas de frecha de base cóncava (SBI2:1) e recta (SBI2:2), un ídolo (SBI2:4), un disco lítico (SBI2:3), un esferoide decorado (SBI2:12), un incerto afiadador de agullas de óso (SBI2:5), unha posible fusaiola de cerámica (SBI2:9) e varios fragmentos cerámicos (SBI2: 6, 7, 8, 10, 11, 17, 18, 19, 20, 21, 22 e 23).

A localización de doas discoides nos monumentos tumulares do noroeste hispánico é moi escasa, ademais de proceder de contextos pouco claros e definidos. Ben é certo que das mámoas de Escariz, no norte de Portugal, proceden numerosos exemplares, como as 179 da Mámoa do Sr. Ferreira Gomes, as 193 da Mámoa 1 da Alviada ou as 196 da Mámoa 2 do mesmo grupo, recollidas nas publicacións dos investigadores Jorge, V.O. ou Silva, P.F.A. Caso distinto é a descuberta na mámoa de Anta do Couto do Rigueirinho, en Paredes de Coura, elaborada en ámbar, como tamén publica Oliveira, V.O. Pola súa parte, M. J. Sánches dá conta dunhas 2.000 descubertas na mámoa M3 de Pena Mosqueira, en Mogadouro. Finalmente, do monumento M1 de

Madorras, Sabrosa, proceden outras 15 doas, como publica Gonçalves, A.H.B.

Contextos diferentes, moitos claramente serodios con respecto ao megalitismo, danse nos xacementos ao sur do Douro, na Beira Alta. Vera Leisner e L. Ribeiro localizaron pezas deste tipo en Carapito I. No Alentejo as doas discoides proceden de monumentos con cámaras de tipoloxías diversas, como Cabeço de Arruda 1 e 2, acompañada de materiais calcólíticos predominantemente precampaniformes, no dolmen de Casinhos, con puntas de frecha de bases triangulares e cóncavas, na Cámara Occidental de Praia das Maças, no dolmen de Monte Abraão, en Alapraia 2, na Gruta 1 de Cascais, ou nas grutas de Palmela 1, 2 e 3, localizándose na Gruta 4 doas máis grosas, como evidenciaron os traballos de Geoge e Vera Leisner. Se seguimos no Alentejo, a representación de doas discoides entre os enxovais continúa no tholos de Barranco da Nora Velha, no dolmen de corredor de Anta grande da Comenda da Igreja, no de corredor indiferenciado de Anta de Cabeços, nos tamén de corredor de Cebolinho 1, en Anta do Passo 1, Comenda 1, Santa Margarida ou na Anta 2 de Monte Velho, de diferentes tipoloxías, e nos monumentos de Buço Preto 2, así como en Palmeira 2 e 3.

Os monumentos que vimos de citar encádranse, como puidemos ver, en contextos e cronoloxías diversas. No entanto, e dada a destrución que sufriu, pensamos que na mámoa M2 de San Bieito debemos ter moi en conta a posible asociación coas puntas de frecha de base cóncava e recta nel descubertas. Tales artefactos son, como vimos, bastante estraños nos contextos tumulares propios do Megalitismo do noroeste hispánico e pensamos que se deben situar en momentos serodios con respecto ao fenómeno megalítico. Nos paralelos que vimos nos parágrafos inmediatamente anteriores, observamos arquitecturas megalíticas que inclúen entre os seus enxovais artefactos maioritariamente calcólíticos precampaniformes, e aínda posteriores, e nos que aparecen as doas discoides asociadas coas devanditas puntas de frecha.

Tamén entre os paralelos observamos a progresiva abundancia en contextos calcólíticos e a case constante asociación cos característicos artefactos campaniformes. Ante estas propostas, as doas da mámoa M2 de San Bieito deberan responder, a xulgar pola datación absoluta ofrecida pola base do monumento, ben a unha ou varias deposicións secundarias post ou epimegalíticas, ben a unha adquisición procedente de contextos culturalmente diferenciados pero xeograficamente próximos, como os poboados Penha que se distribúen pola contorna do encoro das Conchas. Esta última explicación é a que consideramos máis probable e acaso se poida estender á vasilla tamén Peña da mámoa M7 de Lobeira, moi próxima ás de San Bieito e publicada no ano 1925 por Florentino Cuevillas.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

pechado luns e festivos oficiais

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense


TEXTO: José María Eguileta Franco


FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 

 Xacobeo 2021

 galicia

 XUNTA DE GALICIA